

## COMPROMISO COAS FAMILIAS NUMEROSAS

**Investir nas familias é investir en futuro. Ante o reto demográfico que afronta Galicia, de forma aínda máis acusada que outras sociedades da nosa contorna, ante a dificultade de afrontar o financiamento a medio e longo prazo de servizos e prestacións sociais, as familias, e en particular as numerosas, convértense nun motor económico e social e nunha garantía de sostibilidade, e fomentar o seu benestar é unha aposta segura para calquera concello, tamén para Poio.**

O PP de Poio entende que o futuro de Poio pasa por unha administración local máis xusta, que garanta servizos dignos e unha carga impositiva razoable que teña en conta as circunstancias dos veciños, e políticas que traballen por facer de Poio un lugar mellor para vivir, asegurando a sostibilidade da facenda local, dos servizos, dos núcleos de poboación, dos sectores productivos e, en definitiva, da propia forma de vida de Poio.

Por ese motivo, e de forma complementaria ao compromiso expresado de poñer en práctica medidas fiscais que supoñan un aforro de 400.000 euros ás familias de Poio, e de traballar para garantir servizos básicos para todos os fogares do noso concello, o PP comprométese a aplicar unha serie de medidas de cara ás familias numerosas se os veciños nos outorgan a súa confianza a partir de maio.

- Dar pasos para converter Poio nun concello familiar, con políticas e medidas encamiñadas a facer que sexa un lugar para que as familias se establezan, vivan e fagan a súa vida.
- Implantación do criterio da renda per cápita nas convocatorias de axudas, bolsas e outros beneficios sociais por parte do concello.
- Creación e Mantemento dun rexistro de Familias Numerosas
- Bonificación do IBI da vivenda habitual do 40% por FN + 10% por cada fillo adicional + 10% por cada situación de discapacidade, sempre que a renda familiar dividida polo nº de membros non supere 2xIPREM.
- Reducións nas taxas de recollida de lixo e subministro de auga, e condicións especiais da utilización de ximnasios e outros prezos públicos
- Mellora e ampliación das zonas de lecer e da programación infantil e familiar
- Estudo e imprantación de prazas de aparcadoiro para familias e embarazadas.

En Poio, a 4 de febreiro de 2019

En representación das Familias Numerosas



Ángel Moldes  
Presidente. PP de Poio

